



CCOO INFORMA

III PLAN DE RESCATE DE AUTÓNOMOS/AS E EMPRESAS CON MÁIS DE 10 PERSOAS TRABALLADORAS E CUN VOLUME DE FACTURACIÓN DE MÁIS DE 2 MILLÓNS DE EUROS OU EMPRESAS DE MÁIS DE 25 TRABALLADORES/AS

Cal é o obxecto da axuda?

Son axudas directas para satisfacer a débeda e realizar pagamentos a provedores e outros acredores —financeiros e non financeiros— así como os custos fixos incorridos, sempre e cando estes fosen devindicados entre o 1 de marzo de 2020 e 31 de maio de 2021 e procedan de contratos anteriores ao 13 de marzo. En primeiro lugar, aboaranse os pagamentos a provedores, por orde de antigüidade e, se procede, reducirase o nominal da débeda bancaria, primando a redución da débeda con aval público.

Quen pode solicitar a axuda?

As persoas traballadoras de alta en autónomos no RETA ou no réxime do mar como persoas traballadoras por conta propia, os profesionais e empresas que teñan o domicilio fiscal en Galicia que e acrediten unha caída do volume de operacións, no ano 2020 respecto ao ano 2019, de máis dun 30% para aquelas que desenvolvan unha actividade económica incluída no anexo I do Real decreto lei 5/2021, do 12 de marzo, ou dun 40% ou máis para aquelas que non se atopen incluídas.

Requisitos

- Ter o domicilio fiscal en Galicia.
- Ter cantidades pendentes de pagamento de importe igual ou superior á axuda solicitada.
- Non estar condenado mediante sentenza firme á pena de perda da posibilidade de obter subvencións ou axudas públicas.
- Que non dese lugar, por causa de ser declarada culpable, á resolución firme de calquera contrato formalizado coa Administración.
- Atoparse ao corrente de pagamento de obrigas por reintegro de subvención ou axudas públicas e das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.
- Que non solicitase declaración de concurso voluntario, que non fose declarada insolvente, e non atoparse en declaración de concurso, salvo que neste adquirise eficacia un convenio; non estar suxeita a intervención xudicial ou estar inhabilitada

conforme á lei concursal, sen que conclúise o período de inhabilitación fixado na sentenza de cualificación do concurso.

- Non ter residencia fiscal nun país ou territorio cualificado regulamentariamente como paraíso fiscal.
- Autorizarlle á Consellería de Emprego e Igualdade a cesión dos seus datos ao Ministerio de Facenda.

Contía das axudas

- a) Descenso de facturación de máis dun 30% e ata un 60%: **10 000 €**
- b) Descenso de facturación de máis dun 60% e menos dun 70%: **12 000 €**
- c) Descenso de facturación dun 70% ou máis: **15 000 €**

A dita cantidade incrementarase da seguinte forma:

- De **26 a 50** traballadores/as: **5000 €**
- De **51 a 100** traballadores/as: **10 000€**
- Máis de **100** traballadores/as: **15 000 €**

As axudas reduciranse ao 50% para autónomos/as de tempada. A axuda máxima non poderá superar:

Primeiro: 200 000 euros.

Segundo: o 40% da caída do volume de operacións que supere o 30% no caso de empresarios ou profesionais en réxime de estimación directa e entidades ou establecementos permanentes cun máximo de 10 empregados.

Terceiro: o 20% da caída do volume de operacións no ano 2020 respecto do ano 2019, que supere o 30% no caso de entidades, empresarios/as ou profesionais e establecementos permanentes que teñan máis de 10 empregados/as.

Cuarto: o importe do gastos subvencionados.

Prazo de presentación

O prazo de presentación de solicitudes será desde o día 14 de xuño ata o 14 de xullo de 2021, ambos incluídos.

Presentación de solicitudes

- Obrigatoriamente por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta <https://sede.xunta.gal>
- A solicitude vai acompañada dunha declaración responsable de obrigatorio cumprimento.
- O prazo máximo para que se resolva e notifique é o 31 de decembro.

Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar ao día nas obrigas tributarias estatais e autonómicas.
- Someterse ás actuacións de control, comprobación e inspección das distintas administracións.
- Cumprir os requisitos.
- Manter a actividade ata o 30 de xuño de 2022 e non repartir dividendos nin aprobar incrementos nas retribucións da alta dirección durante dous anos.

Máis información

- DOG núm. 110, venres 11 de xuño de 2021:
https://www.xunta.gal/dog/Publicados/2021/20210611/AnuncioG0599-090621-0003_gl.html
- Sede electrónica: código de procedemento TR600C
- Estas axudas serán incompatibles entre si pero compatibles coas doutras Administracións, sempre que o total non supere o 100 % do gasto subvencionado.
- Pagarase o 100% da axuda concedida nun só prazo cando se cumpran todos os requisitos.

**Secretaría de Emprego e Políticas Públicas
Sindicato Nacional de CCOO de Galicia**